CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2024/1
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 11 de xaneiro de 2024 –

No día da data, ás 20:02 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSÉ BOGA GOMEZ
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.
2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 21/09/2023 E O 09/11/2023.

C) MOCIÓNS:

C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A GARANTIR A COBERTURA DE PROFESIONAIS DE SANIDADE NO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO.
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UVD SOBRE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO.
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL.

C.2) MOCIÓNS URXENTES

D) CONTROL DO GOBERNO:

7. ROGOS E PREGUNTAS.
8. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Boas tardes, iniciamos son as 8:02 minutos, iniciamos a sesión do pleno ordinario do mes de xaneiro do día 11 coa seguinte orde do día.*"

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:"*Punto 1 dación en conta o pleno dos decretos de alcaldía están todos a disposición dos concelleiros desde o momento da convocatoria do pleno e van desde o 632/23 ó 8 do 2024.*"

1. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que se transcribe de xeito literal a continuación:

"EXPTE: *2024/G006/000016*
ASUNTO: *DACIÓN DE CONTA AO PLENO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA*

Dáse conta dos Decretos ditados que abranguen dende o número 632/2023 ao 08/2024, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986,

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Pasamos o punto segundo da orde do día dación en conta o pleno de asuntos varios. Aquí o alcalde da a seguinte os seguintes puntos para coñecemento dos concelleiros.*
Primeiro unha recepción de un oficio do concello de Vilaboa, a comunicación da alcaldía que di o seguinte: visto o convenios entre os concellos de Dodro e Vilaboa para o desempeño temporal das funcións do arquitecto municipal, asinado por ambas a dúas administracións o día 6 do 9 do ano 23 de conformidade coa cláusula cuarta instase a resolución anticipada do convenio con data de efecto do 31 de xaneiro do 2024, debido a imposibilidade do arquitecto de continuar co desempeño das súas funcións pola alta carga de traballo nas dúas administracións. Polo tanto cesará no Concello de Dodro o día 31/01/2024.

Seguinte tema para dación en conta o referido a o xulgado de primeira instancia instrución número 2 de Padrón en relación ao procedemento de dilixencias previas 350/2021 incoado por denuncia de Valentín Alfonsín Somoza; ditou auto en 8 de agosto de ano 2023 cuxo fundamento xurídico único di:
"Único de lo actuado no aparece debidamente justificada la perpetración del delito que ha dado motivo a la formación de la causa, por lo que procede decretar el sobreseimiento provisional de las actuacións. De las diligencias practicadas no se desprenden indicios fundados de que por parte del Concello de Dodro se hubiera tratado de beneficiar particularmente a la Sra. García Chenlo, mediante la construción de un ramal de subministro de agua que diera acceso a tal subministro a la finca de su propiedad. Así, se ha constatado que la actuación mencionada benefició a otras fincas situadas en la misma zona que la de la Sra. García Chenlo, sin que respecto de los propietarios de tales parcelas se hubiera planteado denuncia algunha. Por otro lado consta también acreditado que la Sra. García Chenlo y su esposo abonaron el importe correspondente a la acometida de su finca, a la citada red de abastecimiento de agua y de alcantarillado en el

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

tramo que les correspondía, como así resulta de la prueba documental aportada y de la testifical practicada por la persoa del Sr. Bello López. No se aprecia, pues, la concorrencia de ninguno de los elementos del delito de prevaricación administrativa obxecto de investigación, por lo que las presentes dilixencias deben de ser sobresidas provisionalmente y archivadas".
En data 9 de novembro de 2023 a maxistrada xuíza do citado xulgado, ditou providencia notificada con rexistro de entrada de 23 de novembro 2023 pola que se da conta de que "Al no haberse interpuesto recurso alguno contra el auto de fecha de 08 de agosto de 2023, se declara firme".
As datas son importantes desde o ano 21 ata o 23 de novembro que se rexistrou entrada no concello.

Outra cousa para dar tamén ó pleno da corporación hoxe, esta maña a deputación concedeu unha subvención para a compra de un coche, de un vehículo para desprazamento do persoal do concello de SAF de libre concorrencia.

Unha cousa máis tamén, o día 8 de xaneiro tomou posesión a traballadora social o que se acordou este mesmo día nomear a Dona Leticia Gago Moledo con DNI - non o vou a dicir por protección de datos- para o posto de traballadora social."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 21/09/2023 E O 09/11/2023.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Dito isto punto 3 aprobación se procede das sesións do plenarios do 21 de setembro e do 29 do 11 do 23".*

<u>Acta do día 21 de setembro de 2023</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:*"Imos a empezar pola do 21 de setembro e vámoslle dar un turno a todos voceiros para que expresen as súas opinións nestas actas. Portavoz do partido socialista"*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Nada de acordo"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do grupo municipal xente de Dodro"*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido popular"*
María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de unidade veciñal."*
Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Boas tardes, nada que dicir."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Bloque Nacionalista galego."*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Ola boas noites a todo o mundo. Nada que dicir."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos a proceder a votación. Votos a favor, votos en contra ningunha, abstencións".*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 21 de setembro de 2023 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

<u>Acta do día 9 de novembro de 2023</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a facer o mesmo coa acta do 9 de novembro. Por favor portavoz do partido socialista de Galicia PSOE"*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: "Igual, nada."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "Moitas gracias. Portavoz do grupo

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

municipal xente de Dodro"
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do partido popular"*
María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Nada que dicir."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de unidade veciñal."*
Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "Tampouco, nada que dicir."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Bloque Nacionalista galego."*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: "Nada que dicir."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Podemos facer un receso, facemos un receso si non vos importa. Non funciona o sonido"*
...Retomamos o receso. Estábamos na votación da segunda acta. Xa está votado, vale por unanimidade entendo. Eu a verdade e que non me acordo ahora mismo. Si, perfecto."

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do xoves 9 de novembro de 2023 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

C) MOCIÓNS:
C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Punto 4 da acta de hoxe, moción do grupo municipal socialista en relación a cobertura de profesionais de sanidade do centro de saúde de Dodro. Por favor pasas ti a lectura."*

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A GARANTIR A COBERTURA DE PROFESIONAIS DE SANIDADE NO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN PARA GARANTIR A COBERTURA DE PROFESIONAIS DE SANIDADE NO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Centro de Saúde de Dodro veñen desempeñando as súas funcións como sanitarios dous médicos e dúas enfermeiras, desde a súa posta en funcionamento.

Pois ben, dun tempo a esta parte, a falta de sanitarios neste Centro é máis ca evidente. Na época vacacional, ano tras ano, o problema se acentúa. A médica titular de baixa desde hai varios meses e a súa substituta deixou o posto recentemente. As persoas doentes son derivadas a o outro profesional existente, coa consecuente acumulación de tarefas, ou ben derivadas a outro centro.

Por todo isto, e como exemplo; a concesión de citas para unha cousa tan sinxela como pode ser renovar a medicación, está a demorarse ata unha semana, co prexuízo que supón iso para os enfermos crónicos, que non poden dispoñer das súas medicinas no tempo preciso.

As enfermeiras, durante a campaña de vacinación, son enviadas para tal cometido ao PAC de Padrón.

Polo todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG propón a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia á garantir a cobertura dos profesionais sanitarios de baixa ou de vacacións no Centro de Saúde de Dodro, co obxecto de manter o nivel asistencial necesario para o día a día dos nosos veciños.

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, 11 de decembro de 2023

O voceiro do Grupo Municipal Socialista de Dodro

Ramón Abuín Gómez"

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"O grupo municipal socialista do Concello de Dodro, de acordo o disposto no regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais desexa levar a seguinte proposta de moción:*
Exposición de motivos: no centro de saúde de Dodro veñen desempeñando as súas funcións como sanitarios dous médicos, dúas enfermeiras e un pediatra desde a súa posta en funcionamento. Dun tempo a esta parte a falta de sanitarios é máis que evidente... ano tras ano se acentúa. A médica titular de baixa desde hai varios meses, a súa substituta deixou o posto recentemente, o servizo de pediatría funciona 3 días a semana. As persoas doentes son derivadas a outro profesional existente, coa consecuente acumulación de tarefas ou ben son derivadas a outro centro. Por todo isto e sirva como exemplo a concepción de citas para unha cousa tan sinxela como pode ser a renovación da medicación está a demorarse ata unha semana co prexuízo que supón iso para os enfermos crónicos, que non poden dispoñer das súas medicinas no tempo preciso. As enfermeiras durante a campaña de vacinación son enviadas para tal cometido o PAC de Padrón. Por todo o exposto o grupo municipal do PSDG PSOE propón a adopción do seguinte acordo; instar a Xunta de Galicia a garantir a cobertura dos profesionais sanitarios de baixa ou de vacacións no centro de saúde de Dodro co obxecto de manter o nivel asistencial necesario para o día a día dos nosos veciños. Dodro 11 de decembro de 2023."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben vámoslle dar un turno o resto de portavoces por favor. Portavoz do grupo municipal xente de Dodro."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Boas tardes a todos, bueno decir que nos tamen temos presentado outra moción sobre este mesmo tema, con outra proposta de acordo, entendo que por parte de partido socialista non ten intención de asumir a nosa proposta. Sobre este tema direi que xa ala polo mes de decembro se apuntaba na prensa de Galicia o problema das prazas MIR, que xa ven de constituír unha reclamación de familia que se repite anualmente, non soamente por parte da xunta de Galicia sinon de varias CCAA, dicir que se reclama que se aumenten o número de prazas para formar especialistas por que si ven hai 460 centros de saúde, soamente nun centenar se poden formar especialistas co cal é imposible chegar a formar o número de médicos que se necesitan por tanto de atención primaria, médicos de familia como de pediatras, esto é unha reclamación que se ben facendo desde fai bastantes anos que é por todos coñecida e que tamén coñecido que a administración central sempre a rexeitou o tomar as medidas que necesarias para incrementar as prazas MIR, si non aumentan as prazas MIR é imposible que haxa suficientes médicos. Por ultimo dicir que parece mais ben un acto de cinismo que por parte de unha administración que se caracteriza xustamente por non cubrir as prazas de empregados sexan eles os que pidan os demais que cubran as prazas vacantes. Aquí temos prazas de traballadores municipais que*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

levan sen cubrir desde fai moito tempo e que o único que supón é un deterioro dos servizos públicos municipais. Nada máis"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do partido popular por favor"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Deberían ser vostedes mais rigurosos a hora depoñerse a redactar unha moción e ser máis fieles á verdade. Non se axustan a realidade cando afirman que o centro de saúde de Dodro nos seus inicios tiña 2 médicos e 2 enfermeiras non se axustan a realidade cando afirman que se demora a concesión de citas para a renovación da medicación cando toda a veciñanza sabe que chamando por telefono se renova automaticamente, e sen ningún tipo de demora. E xa de paso utilizan vostedes os enfermos crónicos afirmando que non poden dispoñer das súas medicinas a tempo. Sabemos que o tema social.... pero deixa de cousas por que ademais resulta que curioso que presente esta moción que a xerente do SERGAS estuvo.....(*inintelixible*).*

A verdade e que é moi curioso unha cara por un lado e outra cara por outro. O partido popular foi o único partido .. .para acadar unha solución reuniuse dúas veces coa xerencia e en apenas 48 horas consigueu que enviasen un substituto 3 días a semana a xornada completa para dar unha solución ata a incorporación os outros 2 días polo medico facultativo que está no centro. Uns dedícanse en poñerse para salir na foto. E outros dedicámonos a traballar. Nada máis que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de unidade veciñal, por favor."*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Nos imos a votar a favor de esta moción. Ahora o que botamos de menos e saber que foi o que fixo o goberno de Dodro nestes días, nos días previos, cantas se fixeron, cantas veces se falou por teléfono coa conselleira ou co responsable, que días, si houbo correspondencia a través de correo electrónico. Non hai nada de eso, botamos de menos que non se poñan no corpo da moción ese tipo de reunións que se fixeron ou conversacións polo menos día a día, eso é o único que botamos de menos. É verdade que non houbo médico algún día non houbo medico. Houbo un día que varias horas que estivemos varias horas sin médico e houbo días que se pasou mal algúns están bastante fastidiados co tema."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Bloque Nacionalista galego por favor."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Bueno que nos parece ben a proposta plenaria que vai dirixida a Xunta evidentemente, polos recortes nos que continúa anclado o PP; non é certo o que lle escoitamos a portavoz do Partido Popular de Dodro. Hai 105 prazas que non saca a Xunta de Galicia a oferta prazas MIR que están sen sacar pola parte evidentemente de quen recorta. Tamén digo que nos parece ben a proposta que comezou moito antes coa presentación reclamación cautelosos, ante a desaparición da praza de persoal e na que non mandaba ningún persoal substituto inicialmente, o que pedía a cidadanía. Levabamos así un mes sen,..., deserta a praza, vacante a substituta da titular e pedían nin máis nin menos que cesaran entón o que fixemos por escrito diante do Parlamento e diante da veciñanza que seguramente ... encima da mesa. E por último tamén o Partido*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Popular efectivamente si, hai seguramente máis de 100 reclamacións. Eu teño a contestación eso si, bastantes días despois, contestación tipo. Pero o mesmo tempo unha reclamación, cando queira, tamén lla podo ensinar"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias Portavoz do partido socialista, por favor un turno máis."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Vamos a ver ó voceiro de xente, da agrupación xente claro a vostede non lle interesa nin nunca se preocupou total acode a sanidade privada ou en tal caso o PAC de Padrón tal e como lle corresponde pola súa residencia. A vostede o centro de saúde é como o CPI os seus fillos nunca pisaron tal instalación, si lle importa Dodro para gobernar, pero claro a bicoca acabouse. E pa cobrar e pa botar, para amedrentar o persoal, para expedientar, denunciar, etc... iso é para o que lle importa Dodro e por conseguinte o centro de saúde de Lestrobe. Á voceira do Partido Popular dicirlle pois si, ten razón nunha parte, antes tiñamos un médico, un ATS e un matrón ou matrona non sei que era o que había. Eu recórdolle a usted o que di aquí que tiñamos mal que nos temos que fixar un pouquiño mais. E unha matrona, logo na época do anterior alcalde, do ex alcalde o Sr. Vila Brión conseguiuse un pediatra a tempo parcial compartido con Rois, e posteriormente no bipartito conseguiuse o segundo médico para o centro de saúde de Lestrobe. Polo tanto tamén 3 días a semana como ben dixo usted, eu que teño asinada médico os martes, non podo enfermar por que non teño médico. En canto as recetas, hai que comprobar que eu tamén solicitei cita e non obtuven cita o día que o solicitei. Gracias"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, bueno vamos a proceder a dicirlle á portavoz do partido popular poñer na miña boca unha conversación entre dúas persoas nas que vostede non estaba presente. Pon en dubida por un lado e do que se transmiteu por outro,.... déixeme rematar, tería moi pouca decencia o que estaba o outro lado do teléfono. No meu caso xa lle digo eu a vostede que o que afirmou aquí non é verdade, sobre esa conversación e sobre a miña opinión. A moción púxose o 12 de decembro desde aquela mantivéronse conversas, chamadas e consultouse a personal médico, consultouse.. fíxose o que se pudo, de feito o concello non (*inintelixible*) e hasta onde podo non se nos pode culpar a nos do que está sucedendo no centro de saúde. Todos sabemos quen é o culpable do deterioro da saúde en Galicia que nos está afectando o concello de Dodro, como a outros moitos concellos. Con todo isto vamos a proceder a votación presentada o día 12 de decembro, que é un mes antes da celebración do pleno, non compare vostede unha moción presentada o 12 de decembro sobre un tema do centro de saúde con outra que presentou vostede en condicións que xa veremos despois."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte punto da orde do día moción do grupo municipal de unidade veciñal de Dodro sobre o apoio o manifesto en defensa do centro de saúde de Dodro."*

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UVD SOBRE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 14 de decembro os veciños de Dodro fixemos unha mobilización en defensa do Centro de Saúde de Dodro no que acudiron un numeroso grupo de usuarios do centro. Durante este acto foi lido un "Manifesto pola Atención Primaria Sanitaria" que agora traemos ao pleno para a súa aprobación e que foi debido a que nas últimas semanas, o centro de Saúde de Dodro veu recortado o seu cadro de persoal, a marcha dun facultativo médico non foi cuberto a tempo

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

completo cun novo profesional médico, co que unha persoa soa tivo que facerse cargo do traballo de dúas. Isto quere dicir:

- *Maior número de consultas.*
- *Ampliación do tempo de espera para ser atendidos.*
- *Estrés para o profesional médico.*
- *Maior utilización do servizo de urxencias.*
- *Maior desprazamento para as consultas médicas.*

Todo isto redunda nunha peor calidade do servizo sanitario, servizo fundamental nun concello con tanta poboación maior.

Isto non é nada novo en Dodro, onde o servido de pediatría que atende tres días a semana tampouco é cuberto ante a falta deste profesional por deferentes motivos, baixas, vacacións..., chegando a estar en períodos de 15 días sen persoal que atenda aos nosos menos e nenas.

O goteo incesante de problemas creados por quen ten que lle poñer solución, fai que hoxe, teñamos que reivindicar o que pensabamos que sempre estivo aquí, para coidarnos, unha sanidade pública de calidade e próxima, tanto na distancia física como na calidade da asistencia.

"Manifesto pola Atención Primaria Sanitaria en Dodro

Nós, os veciños e veciñas de Dodro, reunímonos hoxe para expresar a nosa firme convicción na importancia vital da atención primaria sanitaria no noso concello. Recoñecemos que a saúde é un dereito fundamental de cada individuo, independentemente da súa localización xeográfica, e afirmamos a necesidade de garantir un acceso equitativo e de calidade aos servizos de saúde para todos os habitantes das nosas comunidades.

Principios que Defendemos:

1. Acceso Universal:

- Reclamamos o dereito de cada persoa no entorno rural a acceder a servizos de atención médica esenciais, medicina de familia, pediatría...Avogamos pola eliminación de barreiras xeográficas e económicas que poidan impedir dito acceso.

2. Prevención e Educación:

- Defendemos programas de prevención e educación en saúde adaptados ás necesidades específicas das comunidades rurais. Cremos na importancia da promoción de estilos de vida saudables e a prevención de enfermidades.

3. Infraestruturas Sanitarias Adecuadas:

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- Demandamos a inversión en infraestruturas sanitarias nas zonas rurais, incluíndo centros de atención primaria ben equipados así como aparcamento e accesos axeitados para persoas maiores e con mobilidade reducida. Estes centros deben contar con persoal capacitado e recursos adecuados para proporcionar unha atención integral. Cousa que se incumpre agora mesmo en Dodro

4. Participación Comunitaria:

- Valoramos a participación activa da comunidade na toma de decisións relacionadas coa saúde. Avogamos pola creación de espazos nos que os residentes rurais poidan expresar as súas necesidades e contribuír á planificación de servizos de saúde locais.

5. Atención Integral e Continua:

- Defendemos a implantación de modelos de atención integral e continua que aborden as necesidades de saúde ao longo do tempo. Isto inclúe o manexo de enfermidades crónicas e a atención preventiva.

6. Resposta a Emerxencias:

- Exiximos plans e recursos específicos para garantir unha resposta efectiva a situacións de emerxencia en áreas rurais. Isto implica a capacitación do persoal de saúde e o acceso rápido a servizos de emerxencia, acceso, que está complicado ao haber só un médico dispoñible no noso Centro de Saúde.

Chamada á Acción:

Facemos un chamamento as autoridades locais para que se involucren e demanden a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a inmediata normalidade dos servizos sanitarios no concello de Dodro, tamén o servizo de pediatría, que leva sen atenderse de forma continua desde fai anos, e que é fundamental para construír un concello xoven e con futuro.

Demandamos da Consellería de Sanidade a inmediata solución deste problema de falta de persoal médico, algo que non é de hoxe, pero que se ben agravando nas últimas semanas e que segue unha liña de desmantelamento do servizo sanitario público, que desde Dodro non imos tolerar.

Facemos por último pero máis importante, un chamamento a todas as persoas de Dodro, así como ás organización da sociedade civil, para que nos unamos na defensa da atención primaria sanitaria no noso concello e por extensión nos ámbitos rurais e máis pequenos. Xuntos, podemos construír comunidades con servizos sanitarios axeitados que nos permitan seguir vivindo en Dodro, como o mellor lugar do mundo.

Non ao desmantelamento do Centro de Saúde de Dodro.

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Si a sanidade pública e de calidade no noso Concello."

Ante o manifesto anterior a Unidade Veciñal de Dodro propón o seguinte ACORDO:

- *Apoiar o Manifesto pola Defensa Atención Primaria Sanitaria en Dodro*

Asinado:
Xoan Xosé Vicente Franco"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Portavoz de unidade veciñal."*
Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *(procede a ler a moción)*
Ante o manifesto anterior a unidade veciñal de Dodro propón o seguinte acordo: apoiar o manifesto en defensa da atención primaria sanitaria en Dodro"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Voulle dar un turno os portavoces. Portavoz do grupo socialista de Galicia."*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Si por parte do grupo municipal socialista vaise apoiar este manifiesto e aprobar a moción"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do grupo municipal xente de Dodro"*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Bueno pois non sei si o que se pretende e aprobar unha moción ou aprobar unha constitución española outra máis, por que todo isto xa está recollido na constitución española non sei si vostede ahora pretende someter aquí a constitución española a votación. Sobre o tema da pediatría estuvo vostede durante 4 anos aquí formando parte do goberno, cantos manifestos redactou a favor da pediatría Sr. Vicente, eses correos electrónicos do Concello de esta lexislatura ca consulta de pediatría e a contestación onde están Sr. Vicente onde están eso pedindo pediatra cando vostede era membro do goberno, que fixo vostede. Ven vostede en defensa da lista protexendo os dereitos laborais dos empregados doutra administración... do SERGAS... se lle retiran as vacacións os empregados...Cantas manifestacións fixo vostede Sr. Vicente para apoiar a empregada municipal que foi obxecto de unha agresión, cantos manifestos fixo vostede a favor desa traballadora?.*
Moito menos lle preocupou a denuncia por acoso laboral mentres vostede formaba parte do goberno, cantos manifestos sacou vostede, cantas manifestacións fixo vostede, Sr Vicente, para defender os empregados de esta administración e moito menos lle preocupou a mentres vostede para defender os empregados de esta administración, cantos? ningún. Canto lle preocupou as familias concello de sr. Vicente di vostede que aquí algún día, algún día non houbo médico. Mire sabe cantos días levamos sen educadora familiar, por que non é nin un día nin dous, é sempre".
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsin por favor cíñase, vostede a no seu turno a defender a moción. Pois está vostede tardando bastante tempo en argumentar..."*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Vostede non é quen para dicir...*"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu son o presidente do Concello y son o que modero esta sesión, por favor céntrese que..."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:"*Deixe por favor argumentar aos que temos o dereito da palabra, e o dereito e a representación dos cidadás na ten vostede solo.. Polo tanto é un acto de cinismo vir aquí en defensa de dereitos laborais de empregados de outra administración cando os empregados de esta administración que vostede representa non fixo nin fai absolutamente nada, nin fixo nin fai, agora lle acorda vostede arrimarse o BNG non sei, para ter rédito electoral e promover unhas manifestacións que non levan a nada que non levan absolutamente a nada, soamente pretenden vostedes enganar os cidadáns ocultándolle a información que é verídica que é veraz e que está publicada xa lamentablemente dedícanse vostedes unha vez mais a atender o alleo pero sen atender a súa casa, a propia. Nada máis."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Portavoz do partido popular por favor"*
María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:*"Si, traen vostedes a este pleno un manifesto que é un goteo de sin sentidos, falan de participación activa da comunidade na toma de decisións relacionadas coa saúde creemos que non valoraron isto con moito sentido común; dende logo nin a min nin os meus compañeiros queremos que a poboación en xeral tome decisións sobre a nosa saúde, para eso están os profesionais.*
Falan de recursos específicos para garantir una reposta efectiva en situacións de emerxencia, consideran que Dodro ten algún problema en este tema? A que tipo de recursos específicos se refire? Non chegan as ambulancias a tempo? cando ten que vir o helicóptero, non ven? non temos constancia de que Dodro tivera ou teña algún tipo de problema con situacións de emerxencia. Claro que a palabra recursos específicos é un tema moi amplo e cabe de todo. Tamén afirman que solo hai un médico no centro de salud, algo que é totalmente falso. Redactan un manifesto en tono imperativo, máis ben parece que como dando órdenes, non poñendo precisamente a Dodro como lugar mellor do mundo para vivir como din no seu manifesto igual terían que revisalo. Pero para rematar si me permiten vostedes. Se permiten no inicio da moción de facer diagnósticos médicos e así afirman que un dos facultativos que está no centro de salud, padece de estrés non sei quen lle dou a vostede a titulación para facer tal diagnóstico, dicímoslle o mesmo que o que lle dixemos o PSDG PSOE, deberían traballar por Dodro en lugar de dedicarse a poñerse para sacar unha foto. Nada máis."
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, Portavoz do Bloque Nacionalista galego"*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Estamos de acordo, como sempre estivemos para o tema da defensa do que é o público, neste caso toca desgraciadamente os recortes do Partido Popular, por que o que acabamos de ver aquí é que o PP é o problema. Eu pediríalle un pouquiño de sensatez a portavoz do Partido Popular que deixe de ler e de crer o que lle dan desde arriba e que realmente que chame por teléfono cando non hai médico, por que cando veu o médico non é cando o mellor lle chamou o Partido Popular sería ó mellor despois de que a través do Bloque Nacionalista de Dodro*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mandaron a prensa cal era a situación e curiosamente despois diso aparecen o persoal médico que efectivamente iso é certo 3 días a semana como decía antes o compañeiro do Partido Socialista, os demais días non se pode enfermar nin tampouco hai quen dea medicinas. Recórdolle que hai pouco que aproximadamente unhas 100 reclamacións do Concello de Dodro, e pódenllas ensinar seguramente a amiga esa que ten de man . Pero na xerencia efectivamente teñen que ter ese coñecemento, e a min non me fai falta que ninguén me redacte, nin que ninguén me diga si están nerviosos no Partido Popular, por algo será."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Desculpe, desculpe por favor, cada un está no seu uso da palabra e entendemos que non se faltou á orde. Ela vai ter un turno máis o final. Por favor, por favor non alteremos o orde do pleno, non está vostede no uso da palabra, vale.. por favor portavoz... por favor señor Alfonsin primeiro aviso, compórtese que non está vostede no uso da palabra, portavoz da unidade veciñal quen algo máis que dicir?"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bueno vamos a ver este manifesto foi lido nunha concentración que se fixo o 14, creo que o 14 de decembro en Lestrobe, fronte o centro de saúde de Dodro e foi feita por petición precisamente de moitos veciños, a nos non nos chegou a necesidade de mobilización diante dos servizos sociais do concello, chegounos a necesidade de mobilización diante do centro de saúde o problema dos veciños víano no centro de saúde eu sei que tamén hai problema en servizos sociais, sabémolo todos, que hai problemas de persoal, que non se cubren os postos que non se poden cubrir, non o sei é problema do Alcalde que é o xefe de persoal, el saberá. Pero a nos o problema chegounos do centro de saúde, non nos chegou como un problema de servizos sociais, si vostede ve que os veciños lle piden unha mobilización diante dos servizos sociais de Dodro, faga vostede unha mobilización con todos os veciños diante, convoque vostede unha mobilización, si tanto lle piden os veciños, si temos un problema tan grande en servizos sociais, faga vostede unha mobilización. Nos fixemos unha mobilización, nos e os partidos que nos apoiaron, as asociacións de veciños, todos os que nos apoiaron e foi moita xente, e séguense facendo mobilizacións. O BNG sigue facendo unha mobilización todos os luns e posiblemente haxa que facer outra por que os veciños séguennos pedindo outra mobilización, seguen saíndo do centro saúde enfadados co servizo que hai no centro de saúde. Hai reclamacións tódolos días, o BNG está recollendo reclamacións e todos os días é verdade eu mesmo fixen reclamacións eu tamén. Non me diga que non hai ningún tipo de reclamación, que a Xunta non sabe que haxa problemas en Dodro, basicamente eso, insisto, imos a facer máis mobilización se fai falta si a xente nos sigue dicindo e sigue saíndo enfadada e mal atendida do centro de saúde. Seguiremos a mobilización porque é o que máis efecto lle pode dar a consellería, e co que podemos solucionar o problema con mobilizacións que é o que imos a facer basicamente"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señora Boga por alusións se quere facer vostede o uso da palabra"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Home pois si agradézollo..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón que non acabei, ten vostede en función do artigo 40 un minuto por alusións, é o que quería explicarlle*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No non me fai falta tanto, por alusións bueno o BNG está en campaña desde fai 3 meses, a mobilización do centro de saúde, vostede esperou dixo antes 2 meses e pico que levaban sin medico e esperou a que, a que chamaran... que si lle leen de arriba. Eu lin o manifesto. En un manifesto non se pode iniciar dicindo que un facultativo do centro médico ten estres. Primeiro que nos non somos ninguén para facer un diagnóstico médico, nos non podemos dicir que a poboación dedica sobre a nosa saúde é algo lóxico e de caixón, non ten volta de folla. A o que vostede me acaba de dicir, home e que non estábamos falando de mobilizacións nesta moción, estamos falando de un manifesto, vostede rematou agora dicíndome que bueno que facían mobilizacións por que a xente llas pedía, pero e que aquí estamos falando de un manifesto. Nada máis que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señora Boga a ver a súa intervención era polas alusións do concelleiro do bloque nacionalista galego e polo que se ve non lle afectaron tanto as alusións do BNG. Dedicouse a ter uns segundo turno para contestar a moción. Entendo que casi os demais igual necesitan algún turno máis para contestar moción por que me parece que foi un pouco... Portavoz do grupo municipal xente de Dodro quere un segundo turno? Para respostar a moción eh, non para outras cousas"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Mire Sr. Vicente, dígolle mire, isto non vai de que aquí che pidan manifestacións e como me piden manifestacións fago manifestacións e si non me piden manifestacións non fago manifestacións. Mire usted terá que facer as manifestación pola súa responsabilidade como concelleiro, non ten que esperar vostede a que lla pidan ou que non lla pidan, eso entra dentro da súa responsabilidade como concelleiro. Por que si vamos a manifestacións, que lle vamos a dicir a esa persoa que vive sola con mais de 80 anos que non lle vai o SAF básico, que como non se manifesta, pois non facemos manifestación a favor dela, pois mire isto non funciona así, vostede terá que primeiro informarse e que anteriormente que foi vostede o que dixo na anterior discusión da anterior moción dixo que non sabía vostede que descoñecía vostede que información circulará entre a consellería e o concello, usted sigue desconocendo esa informacións resulta que se pon a facer unha manifestación"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: " *Rematou o seu tempo, gracias. Portavoz do partido socialista quere unha segunda quenda?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Si si, simplemente decirlle o portavoz de Xente de Dodro, simplemente usted non diferencia..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor Sr Alfonsin quere manter a orde por favor? Vostede sálese do orden continuamente deixeille rematar o portavoz do partido socialista, aínda non falou nada..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Vostede sabe a diferencia que hai entre unha manifestación e unha concentración? déixoo aí..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señores portavoces, señores portavoces por favor, é complicado moderar un pleno nestas condicións, simplemente decirlle o Sr Portavoz do grupo municipal de Xente de Dodro que aquí vimos a discutir unha moción, non vimos a discutir a oportunidade ou non*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

oportunidade de convocar unha concentración, por favor, por favor, por favor déixeme acabar, por favor déixeme acabar, non vimos a discutir a oportunidade ou non oportunidade de convocar unha concentración, ou dúas concentracións cada un é responsable do que fai, portavoz do grupo nacionalista galego cada un, perdón portavoz do partido popular, desculpe.. por favor señor Alfonsin segundo aviso como volva a interromperme abandona vostede a sala. Por favor non interrompa o presidente da corporación. Desculpade, portavoz do partido popular entendo que non lle guste o que transmite a moción de unidade veciñal pero por parte do respecto que nos debemos uns os outros entender o que cada un manifesta o mismo que demais respectamos o que vostede manifesta tendo dudas ou non tendo dudas. A responsabilidade do que aquí se expresa é do que se expresa, e do que asina e do que presenta o documento. Si vostede considera que é un erro ou considérao algún tipos de delito ou algunha valoración incorrecta pode vostede, pode vostede facerlla chegar a sanidade ou a quen queira facer vostede. Y me parece que que xa é momento de pasar a votación por que estamos un pouco fora de punto. Votos a favor, votos en contra. Queda aprobada a moción."

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Punto sexto da orde do día, moción do grupo municipal socialista sobre a solicitude de financiamento dos servizos sociais de competencia non municipal por favor, portavoz.."*

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Dodro, en representación deste e ao amparo do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro de 1986, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), somete a consideración do Pleno da Corporación o seguinte:

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:*

Tras a entrada en vigor da Ley 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local (LRSAL), o artigo 25.2 da LRBRL xa non inclúe a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias, en cambio considérase materia de competencia propia municipal a avaliación e información, de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Servizo de Axuda no Fogar foi un dos dereitos incluídos na lei de dependencia e foi concibido como un servizo de titularidade pública e de xestión municipal. O financiamento dese servizo foi considerado a partes iguais entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, admitíndose un copago dos beneficiarios en función de renda e patrimonio. Desde a implantación deste servizo o concello de Dodro non deixou de crecer en canto a número de usuarios máis o financiamento continua a demorarse. O concello de Dodro asume por este servizo uns custos de media de 19€/hora, cando a Xunta e o Estado só financiaron no anualidade de 2023 o importe de 11,50€/hora, e para a anualidade de 2024 e seguinte 12,00€/hora (Orde do 2 de xullo de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia). Isto obriga ao concello a consignar nos seus orzamentos unha

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cantidade elevada de fondos propios para financiar este servizo.

Por outra parte, o Concello de Dodro dispón desde hai anos dun centro de dia e unha escola infantil xestionados a través do Consorcio Galego. A Xunta obriga aos concellos que teñen estas infraestruturas a un cofinanciamento (2.500€/ano por usuario no centro de dia e 900€/ano, máis os gastos de mantemento nas escolas infantís) sen que permita ao concello de Dodro ningún tipo de decisión consorciada sobre a xestión pública dos ditos servizos. Estes custos que a Xunta repercute no Concello de Dodro supón uns gastos dificilmente asumibles.

Desde setembro de 2022 a Xunta implantou a universalización da educación infantil 0-3 anos mais mantén o copago aos concellos. É dicir, nun concello no que só existan escolas infantís privadas por que o concello non mostrou interese en que existisen, a Xunta financia o 100% dos custos do servizo. Pola contra, naqueles concellos no que haxa escolas consorciadas froito do impulso no seu dia e interese do concello, a Xunta esíxelle a eses concellos a que copaguen.

A Xunta do PP non ten problema por financiar as empresas privadas que xestionan escolas infantís pero négase a liberar aos concellos dun gasto impropio dun servizo que xestiona en exclusiva a Xunta.

Estes dous exemplos de servizos de competencia non municipal supón dos fondos propios do concello segundo os Orzamentos municipais case medio millón de euros dos impostos municipais que ben poderían ser destinados a competencias propias do concello.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propón á corporación municipal adoptar os seguintes ACORDOS:

1. *Solicitar á Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado o financiamento íntegro de servizos como o SAF, que segundo a lei son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados delegadamente atendendo a un principio de equilibrio financeiro.*
2. *Solicitar da Xunta de Galiza que asuma o 100% dos custos do centro de dia e da escola infantil, toda vez que anunciou e asumiu a xeralización da gratuidade 0-3 anos das escolas infantís e está a financiar integramente os custos das escolas infantís privadas.*
3. *Trasladar estes acordos á Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e ao Ministerio de Derechos Sociales.*

Dodro, na data de sinatura dixital

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez
Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, voulle dar un turno aos distintos portavoces para que expliquen a súa postura diante de esta moción. Recórdolles que por favor se centren tal é como di o reglamento municipal ao que nos trata que é o tema da moción. Portavoz do grupo municipal Xente de Dodro"*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*Señor Castro mire antes de nada esto hai por referirse os fillos dos concelleiros ou esto ou aquí podémonos referir os fillos dos concelleiros outros, podémonos referir si ou non, póñame as regras claras porque aquí empezou o señor voceiro socialista a referirse ós meus fillos, cando os meus fillos non participan deste órgano, entonces, pódese un referir aos fillos e familias dos concelleiros, si ou no?.."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está vostede consumindo o turno..."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*no, lle estou preguntando para as regras, vostede está delimitando as regras do xogo e aquí este señor empezou insultando e referindose a persoas que non participan. No vou consumir e vou seguir falando e xa pode ir vostede chamando a guardia civil, por que non vai acabar o pleno vale? No, aquí quen ten que moderar o linguaxe é o señor dos pinos, que é o único que ten a bicoca, ca maquina rexistradora, que fai clinclin cos pinos todas as semanas, do monte comunal*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa lle din dous avisos, e estoume resistindo a darlle o terceiro...."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: "*no, no.. pero pode ir chamando a guardia civil, vostede non pode retirar así a palabra cando lle ven en gana*

-Discusión inintelixible-

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Alfonsin está vostede faltándolle o respecto a un concelleiro. Por favor, por favor señor Alfonsin modérese, estou intentando, voulle dar unha derradeira oportunidade. Non veño aquí para que vostede perda os nervios a que vostede perda os estribos, por favor déixeme falar, estou no uso da palabra e son o presidente da corporación como me interrompa terceiro aviso e abandona vostede o pleno. Por favor señor Alfonsin, compórtese, no non pode aínda, aínda non acabei, articulo 39 ou 40, vostede poderá falar cando o presidente lle autorice a falar. Vale entonces dito esto, déixeme rematar vou intentar manter os nervios porque xa que estamos aquí todos reunidos é o pleno ordinario de xaneiro e vou intentar agardar a que esto remate ben. Pídolle por favor a vostede un pouco de decoro, un pouco de control y por favor céntrese e limítese o que estamos falando, vale. Si é vostede capaz vamos a intentar continuar no pleno se non a primeira advertencia o restos de portavoces e a seguinte ida de texto de calquera vaille caer a vostede o terceiro aviso e o proceso vai ser o seguinte. Vaille caer a vostede o 3 aviso, vou suspender o pleno, vou ir arriba e chamar a garda civil. Queda claro non? Eu*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

entendo que o resto de concelleiros...”

- Intervén quen subscribe para anunciar a dificultade de redacción da acta da sesión ante as continuas intervencións múltiples decidindo o alcalde facer un receso polo que a secretaria sae do salón de plenos. Finalizado o mesmo, incorpórase quen subscribe e continúa o debate -

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *”Vamos a ver Sr. Alfonsín disculpade o receso. Retomase o pleno estaba no uso da palabra o portavoz do grupo municipal xente de Dodro.”*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: “*Referidos a moción. Pois temos que dicir primeiro que resulta sorprendente unha vez máis a actitude do partido socialista por que o partido socialista de aquí de Dodro está reclamando unha financiación para un servicio, unha financiación que desde fai moitos anos todas as CCAA veñen reclamando un replantamento da financiación autonómica entre elas Galicia que Galicia ven reclamando unha financiación que se está de acordo coa poboación e coa dispersión coa poboación. Cousa que non se está a facer, é coñecido por todos desde hai anos que contra o partido socialista resulta que ven de perdoar 15 mil millóns de euros a Comunidade Autónoma de Cataluña pois eses 15 mil millóns de euros que se están perdoando a Cataluña pois seguramente sobraría para pagarnos a nos todo o SAF para moito tempo. Pero é mais, din vostedes que vostedes teñen que pagar o SAF básico que teñen que pagar a gardería, a escola, o centro de día. Miren chegan tarde mal e arrastro esto xa é unha carta de 17/3/2016 escrito por min e dirixido a deputación da Coruña reclamando a cofinanciación da escola infantil e o centro de día 17 de febreiro de 2016 está redactada aquí. Naquel momento o concello de Dodro era o único con menos de 3000 habitantes tiña unha escola infantil e un centro de día. Pero a deputación socialista prefire darlle millóns tódolos anos o concello de Oleiros , subvencionar o concello de Carballo por exemplo con centos e miles de millóns de euros aí están euros de deputación non ten ningún interés nesto foi solicitado no ano 2016. Chegan tarde mal e arrastro y esto debían de saber pero bueno, pero e que é mais ahora van ustedes a reducir os límites para as axudas a escolaridade en 6000 euros cartos que se van a aforrar pero cartos que se aforran eh, pero que despois se gastan nos concursos de disfraces de cans eso si sempre co apoio dos partidos da esquerda se gastan 124000 euros en publicidade en recoller os cans pero non no SAF nin en servicios sociales, devolven vostedes subvencións de servicios sociales que non son capaces de adxudicar, recordemos aquí a subvención da psicóloga que non foron capaces de contratar e agora van ter que devolver unha parte da subvención da deputación por que non foron vostedes capaces de cubrir as prazas dos empregados que teñen que traballar para o concello e mais vostedes están aquí reclamando que resulta que hai un conflito aquí entre os empregados do concello por que a 3 personas se lle quere subir o salario de forma totalmente desproporcional, esas subidas que vostedes poderían aplicar tamén para os recursos sociais polo tanto unha no ten fundamento por que desde o punto de vista de financiamento a nivel nacional sabes que todas as comunidades están planteando este mesmo problema y esto depende da administración central no se pode pedir que a xunta pague mais cando non ten, non ten recursos e polo que corresponde a vostede*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mire unha deputación de Coruña que lle pode financiar perfectamente cofinanciar ca Xunta de Galicia a escola infantil e o centro de día concellos de menos de 5000 habitantes que teñen centro de día e escola infantil e despois o que teña que facer é xestionar ben para que ter os cartos para pagar os servizos así de simple."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Quedamos encantados. Portavoz do partido popular por favor"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si efectivamente como di o corpo da moción o consorcio de servicios de Igualdad e benestar e quen xestiona a escola infantil e o centro de día de Dodro concretamente desde outubro de 2007 o concello nese ano asinou dous convenios e para xestión dun centro de día e outro convenio da escola infantil o que din na moción e que eses convenios foron firmados por vostedes por que en Dodro gobernaba o PSOE xunto co BNG. Entón en eses convenios ademais xa se establecía un este cofinanzamento, minto este non. Outro bastante peor, por que en maio de 2016 fíxose un novo réxime de cofinanciamento que foi un acordo entre a FEGAMP e a Consellería de política social onde todos os grupos políticos votaron a favor incluído o PSDG PSOE e que ademais foi un cofinanciamento que no me salía, moito máis favorable para os concellos que Dodro se beneficiou e que Dodro ademais se adheriu no 2017 por suposto gobernando o partido popular por outra banda, en cantos escolas infantís, a ver as escolas infantís en Galicia son gratuítas vaian a unha privada ou unha pública ou unha de iniciativa social. Eso significa compromiso coa conciliación, compromiso co financiamento e compromiso coas familias. O goberno central non achega nin un solo euros, a esta medida, nin un solo euro algo que é tan elemental para que todos os rapaces poidan ir a unha escola infantil, ven poidan economicamente ou non poidan. A verdade e que convidamos o goberno central a que colabora con este financiamento de gratuidade e cos custos das escolas infantís e do centro de día, pídanlle a eles financiamento que non achegan nada, solicítenlle compromiso por que non teñen ningún compromiso e insten a que miren pola conciliación das familias a que tomen partido como deben con máis fondo. E en canto ó SAF; o compromiso da xunta de Galicia co SAF creo que é bastante claro, e é incuestionable, como tamén o esforzo económico que realizan cada ano para que este servizo chegue a máis xente. Din na moción que no 2024 van a subir a 12 euros, non é verdade eso xa se subeu, adiantouse esa subida no 2023, deberían de ser máis rigorosos coas cousas que escriben, e incrementouse este ano un 10% máis, ademais de eso é importante saber que o SAF a pesar de ser un servicio de competencia municipal tal como recolle a ley 13/2008 de servicios sociales articulo 11.f , dígollo por que na súa moción di todo o contrario, está financiado na maior parte pola xunta de Galicia, un 70%. De todas maneiras é chamativo que o PSG PSOE solicite que se aumente o financiamento autonómico do SAF cando sabe que o goberno do Sr Sánchez incumple reiteradamente a lei de dependencia. A lei de dependencia obriga o Sr Sánchez a sufragar un 50% e agora mesmo está sufragando un 30, poderían facer unha moción para que pague o que ten e asuma o que ten que asumir por que sin dubida con esos fondos poderiamos chegar a mas familias e prestar mais servizo a domicilio. Nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

unidade veciñal"

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*Si bueno a unidade veciñal vai a botar a favor pero bueno, coma na moción de antes tamén nos gustaría que no corpo da moción, na exposición de motivos, saber que foi o que se fixo tamén, que xestións se fixeron ata agora, nos gustaría sabelo si houbo reunións con esta xente, co consorcio decir que o concello forma parte do consorcio, e imaxino que llo trasladarían reunións que tiveron este problema si tuveron algunha. Por que recordamos que o concello forma parte do consorcio osea que terán que saber no consorcio esta problemática tamén, non sei si o saben tampouco Tamén deixan caer aquí na moción que nun concello no que existan escolas infantís privadas este concello no mostrou interese a xunta financia o 100x100 do custo do servizo, parece que a vostedes isto que lle supón un problema ter unha escola infantil da galiña azul e mais un centro de día parece que non o teñen moi claro. Pois tiñan que estar vostedes orgullos de ter este servicio públicos aquí en Dodro por que se foran , por que si ahora mesmo foran privados o mellor estaban pechados e a ver quen podía pagar unha gardería ou un escola infantil privada, ou centro de día privado. Non o saberíamos. O que hai que facer sempre é negociar, negociar e negociar con esta xente . porque claro traer unha moción está ben, vale, me imaxino que será para que vostedes cando vaian o consorcio a reunirse con eles leven a moción aprobada en pleno , no pleno da corporación. Por que para outra cousa...pois non o sabemos. Si xa vostedes tuveron algunhas reunións nestes 7 meses ou 8 que levan de goberno. Basicamente. Aínda así, aínda así imos votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do bloque nacionalista galego"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Nos tamén anunciamos que imos votar a favor, xa no anterior mandato de por parte do goberno xa se instou a xunta de Galicia algo semellante durante dúas ocasións creo que foron dúas ocasións no 2021 2022 teño aquí recolleito. Eu creo que esta moción mellora o de solicitar a xunta xustamente, e tamén a administración xeral do estado como dí o primeiro punto o servizo íntegro que temos os concellos de Galiza e efectivamente hai convenios establecidos pero eu creo que do que se trata e sobre todo nesta moción é de mellorar e que non haxa convenios que realmente a Xunta de Galiza no hai que ir a Madrid que temos moito mas preto aquí a capital de Galiza, da nosa autonomía para poder reclamarlle esto que creemos que para un concello coma Dodro que debe de a aproximadamente elevar un recurso de 700.000 euros na atención de SAF que teña que aportar máis que do que realmente recibe da xunta eu creo que é de recibo que si o servizo está de algunha maneira externalizado que realmente sexa a Xunta quen corra con todo ese cargo porque no é soamente pagar as horas hai que ter persoal de oficinas para xestionar eso. E a señora portavoz do partido popular debería de recordar como era eso se que se acorda eu quedaríame coa idea da moción que está recordarlle os demais portavoces está sendo aprobada en outros concellos e unha moción que insisto desde o BNG vemos que intenta mellorar e facer extensivo desde logo que o servicio sexa público coas garantías que pode ter a nosa autonomía e non cos vimbios que ten o cesto que pode ser o Concello de Dodro ou calquera dos concellos de Galiza eso é o que hai por que o que vemos por aí no é mais que o problema que está*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

encima da mesa unha e outra vez servizos sociais ou como vimos antes no tema do SERGAS no que o PP é o problema."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias portavoz de Portavoz socialista de Galicia PSOE"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Si, vamos a ver o voceiro de Xente de Dodro, creo que se esquece de quen quen cos cartos quen fixo a escola infantil e o centro de día, foi a comunidade de montes que usted agora tanto detesta, por que botaron pero con B eh, con b, Non estamos falando por falar revise a lei por que mui sabemos que mui listo e todo eso no centro de día págase por usuario empadroados no concello 2500 euros por cada un por cada un. E no caso de, neste caso non deixa compensar os gastos que temos de mantemento do centro de día, na escola infantil ao asumir de gastos de mantemento pagamos 900€ por nenos sexa de Dodro ou de outro concello da igual o que gastemos na escola. Aínda que gastemos por exemplo 30.000 euros o ano hai que pagar 900 euros nenos e se solo gastemos na escola 5.000 seguiriamos pagando os 900 euros por nenos, da igual de onde sexa o neno. A voceira do PP convenio si, pero hai que ter en conta tamén a lei, lease a lei, o goberno central fai as transferencias a Xunta de Galicia a que instamos igualmente nos aquí en esta moción instamos igualmente e demandase da administración central. E por outro lado non está de acordo, lease a orden, lease a orden que saleu publicado no DOGA o 9 xullo de 2023 a orde 2 xuño de 2023 pola que se modifica o módulo de financiamento do servicio de axuda no fogar en persoas con situación de dependencia, E dice ben claro na páxina 35859, 12 euros/hora na anualidade de 2024 e seguintes polo menos lease eso. E ó voceiro de Unidade veciñal de Dodro dicímoslle que estamos orgullosos dos servicios tanto do centro de día como da escola infantil. O que lle dicía que non ten ben claro nun concello que non ten escola infantil ou servizos sociales por que non se amosou interese págalle a xunta integramente ese servizo. E de exemplo para recordarlle a unidade veciñal, perdón o de xente a escola infantil antes estivo xestionada por unha entidade privada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias dicirlle aos portavoces como ultima explicacións que o consorcio está formado por 267 concellos galegos de 315 que hai, o concello de Dodro este ano como reunión de consorcio non tivo ningunha como reunión de consorcio este ano. Este ano creo que no 23 non houbo ningunha como consorcio pois perdón, neste mandato desde xullo desde maio de 23 non tivo reunión como consorcio porque non se convocaron as reunións que tuvo este alcalde foron co presidente do consorcio ou con representantes deles. Recentemente unha no centro de día onde lle explicamos a situación e as nosas, persoalmente as nosas necesidades e solicitudes no. Parece claro que a moción ten certo interese bueno cada un actuará en consecuencia no momento da votación. Votos a favor da moción, votos en contra, abstencións. Queda aprobada por maioría.*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*No punto C2 de mocións urxentes hai dúas mocións, corríxeme a secretaria si me equivoco presentadas polo grupo político municipal Xente de Dodro, digo por que son dúas mocións urxentes porque unha pon arriba moción de urxencia e outra non pero foi presentada despois da confección da orde do día e polo tanto non pode ser non poder ser incluída na orden do día como moción normal, entonces temos que primeiro votar a urxencia da moción e despois votaremos a moción si acaso se declara urxente. Portavoz do grupo municipal xente de Dodro pode ler vostede a primeira das mocións?*"

C.2) MOCIÓNS URXENTES

Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte moción na orde do día.

Asunto: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XDD SOBRE SOLICITAR DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE QUE SE FAGA UNHA INSPECCIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS NO CONCELLO DE DODRO.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sí, unha cuestión*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de orden, simplemente no regulamento di que as mocións se poderán presentar 72 horas antes da celebración do pleno..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, pero vostede tamén sabe que o regulamento, o ROF di que unha vez enviado o ROF o regulamento de funcionamento da, o ROF debería sabelo vostede que di que unha vez enviado a orde do día esta non se pode modificar, vostede recibeu a orde do día... por que no, por que o día o ROF, revise o ROF...*(voces simultáneas inintelixibles) *non coincide unha cousa coa outra pero o ROF di o que di... no no...estou dicindo o que di.. pero ahora vamos a proceder a urxencia, si considerades... Bueno a secretaria pode aclararnos a situación...*

A secretaria interventora: *"o ROM di que no prazo de 72 horas antes de celebración do pleno se poden presentar mocións pero o ROF establece que hai que convocar o plenos con dous días hábiles de antelación, que deben ser completos, de aí que se convoque un luns para celebrar un xoves; cando se convocou o Pleno, o luns ás 15 horas xa estaba formada a orde do día pero eso non impide que neste momento se poida incluír na orde do día algún outro asunto sempre e cando se vote a urxencia xa que o ROF di que a inclusión de asuntos que non están recollidos na orde día necesitan que se ratifique no pleno a inclusión; hai unha pequena incongruencia entre o ROM e o ROF, non obstante, como se sabe, os plenos se convocan sempre en horario laboral das funcionarias e se se presenta unha moción ás 18:30 do luns, dificilmente pode ir na orde do día da convocatoria".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"a ver hai unha incongruencia, vamos a ver, vostedes según esta interpretación, si vostede agora mismo convoca o pleno de dentro de 2 meses, resulta que todo xa sería por urxencia a diferencia é moi importante, por que en un caso non temos que votar a urxencia e doutor caso ti temos que votar a urxencia. Nos nos limitamos polo ROM, por que si nos temos que limitar o ROF e eso de que xa se sabe, mire no xa se sabe non, por que fai dous meses, no mes de setembro creo recordar se suspendeu sin avisar un pleno e non foi convocado, e aquí todos estábamos esperando a documentación e retrasouse unha semana simplemente por que o alcalde lle conviña, todos esperabamos que fora convocado. Polo tanto as interpretacións son as que vostede cada un queira facer, eu teño o ROM, e antes de saber e antes para evitar que entrara en urxencia, remitina 72 horas antes que é o que pon o ROM, cando vostede aprobou o ROM esta é de aplicación, non o ROF. O ROF é de aplicación cando esto non aplique é sempre así, a lexislación superior e sempre se aplica sobre o que aquí non esté aplicado..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Según a vostede lle interese aplicase a superior ou a inferior"*

- Interveñen á vez o alcalde e o voceiro de XDD, resultando inintelixibles as intervencións-

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Como presidente do pleno e presidente da corporación, que estas dúas mocións presentadas, fora.. despois de convocado o pleno son consideradas o meu entender de urxencia e vainas ler vostede e vaise votar si o pleno considera debatese se non quedan para o pleno seguinte..."*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Esto non é así eh.."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ten que explicar a urxencia, perdón. Ten que explicar vostede a urxencia que porqué é urxente esta e máis porqué é urxente a seguinte."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno pois non tiña fundamentada aquí a urxencia, terei que ler ou resumila para xustificar a urxencia. A urxencia ven dada porque durante a pasada lexislatura os servicios sociais que viña proporcionando o concello de Dodro pois acadaron un nivel absolutamente deplorable quero facer aquí mención que dende fai 3 meses carecemos de educadora familiar pero ningún dos partidos políticos aquí presentes se manifestou o máis mínimo sobre a falla de este servicio tan importante. A dia de hoxe unha familia de Dodro que sepamos debe ingresar a un membro da unidade familiar nunha residencia privada pagando 2700 euros o mes por non ser atendida en 3 meses. Cando esa familia tiña que ter praza para esa persoa en dúas semanas un matrimonio de 80 anos el con unha enfermidade grave e ela con unha diminución pois non ten sequera SAF. Esto é a situación resumida dos servicios sociais e por eso queremos presentar aquí unha moción para solicitar da consellería unha inspección dos servicios sociais do Concello de Dodro"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias e portavoz do partido socialista..."*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Hai que votar a urxencia..."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Votamos a moción, bueno pois xa non hai intervencións vótase a urxencia da moción. Votos a favor da urxencia da moción..., votos en contra da urxencia da moción..., abstencións.. ningunha. Queda denegada a urxencia da moción".*

Asunto: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XDD SOBRE SOLICITAR DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE QUE SE FAGA UNHA INSPECCIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS NO CONCELLO DE DODRO.

Ratificación da urxencia:
Votos a favor: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Rexeitada

Procédese a continuación a votar a urxencia e inclusión da seguinte moción na orde do día.

Asunto: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XDD SOBRE SOLICITAR UNHA REUNIÓN COS RESPONSABLES DO SERGAS E OS REPRESENTANTES DOS PARTIDOS POLÍTICOS DE DODRO.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A segunda moción é presentada o día 10, onte, portavoz do grupo municipal Xente de Dodro"*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"a seguinte moción. Pois visto que concelleiros de esta corporación recoñeceron que descoñecen totalmente a información que fluíu entre a consellería e o concello de Dodro sobre a situación do centro de saúde que por parte dos partidos políticos, uns que din que negociaron, uns que din que falaron e outros que din que foron cautelosos, e aquí cada quen di unha cousa distinta. Pois o que propoñemos é unha reunión con un representante do Sergas e con un representantes políticos do concello de Dodro para que nos expliquen a situación actual e do funcionamento do centro de saúde, que medidas van a implantar e o prazo para implantar esas solucións. Esta si que é por urxencia a outra no"*

Asunto: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL XDD SOBRE SOLICITAR UNHA REUNIÓN COS RESPONSABLES DO SERGAS E OS REPRESENTANTES DOS PARTIDOS POLÍTICOS DE DODRO.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a votar a urxencia desta moción. Votos a favor da urxencia desta moción. Votos en contra. Queda denegada a urxencia da moción."*

Ratificación da urxencia:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 8
1 BNG

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Rexeitada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos o punto 10 do control de goberno. O punto 7 empeza con rogos e preguntas."*

D) CONTROL DO GOBERNO:

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos escritos.

Non hai

Rogos orais.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algún rogo oral por parte dos portavoces. Vou empezar por orde, portavoz de grupo municipal XD algún rogo oral"*
Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, eu rogo que se me de copia de aquelas persoas as que se lles distribueu os meus datos personales xunto ca moción presentada, porque eu remitín aquí unha moción vía sede electrónica e a algúns concelleiros se lles remiteu ca xustificación de presentación. Asi que quero saber a que persoas se lles dou traslado de esa forma, por que en esa solicitude iban datos persoais que non tiñan porque ser mostrados."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, algún rogo portavoz do partido popular"*
Anxo Jamardo, concelleiro de Partido Popular: *"O primeiro rogo e que na primeira moción a miña compañeira dixo que vostede falaran ca xente do Sergas, dunha conversación que vostede dixo que era falsa, entón creo que é un momento bo para que vostede explique que conversación tuvo polo tanto rógolle que nos conte a conversa."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Mellor convertémolo en unha pregunta e contéstoche despois porque os rogos non teñen contestación, eu si*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

queres quedamos e explícocho, bueno portavoz hai algún máis"

Anxo Jamardo, concelleiro do Partido Popular: *"Si teño outro rogo, o que si que rogo e que por favor trate a todo o mundo que estemos aquí no pleno da misma maneira por que primeiro non está tratando a todos os portavoces por igual, eu levo pouquiño tempo e é a segunda vez que vexo unha falta de respecto contra o noso partido, primeiro foi cando nos chamou o portavoz do bloque depravados no pleno fai un tempo e hoxe faltoulle o respecto a miña compañeira como que lle mandaban por tanto rogo que xa que vostede di que está levando a cabo o control do pleno, que trate a todo o mundo por igual, por que parece que non todos somos iguales, e bueno aparte diso no mesmo rogo tamén digo que simplemente esto xa é unha falta de respecto a todos os compañeiros, pon aquí 4 botellas de auga para 11 personas e parece que estamos aquí cicalando a auga vale polo tanto..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"si precisa auga pódea pedir, quero decir..."*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: "*No goberno anterior foron instalados 3 contedores no lugar de Bexo, a Paxareira e en Lestrobe para que os veciños puideran depositar os restos das obras menores que fixeran nos seus fogares. Este servizo foi moi ben acollido polos usuarios, pero tamén foi usado de xeito xeral por empresas de construción entre outros que aproveitaban para deixar o resto das obras e aforrar a contratación de un contedor para estes traballos. Tamén algunhas persoas aproveitaban para depositar residuos voluminosos a carón dos contedores, aínda que o concello ten un servicio de recollida na porta da casa. Estes contedores foron retirados ante a ineficacia dos mesmos e debido o mal uso. Ante todo o anterior rogamos que se instalen os tres contedores retirados nun lugar que se poida vixiar e con un sinxelo valado e pechado con un control de acceso que so permita acceder aos veciños de Dodro con residuos permitidos de restos de obras menores."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias tomamos nota y ahora pasamos o tema das preguntas. Hai varias preguntas, primeiro son as preguntas.. hai perdón. Portavoz do bloque nacionalista galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: "*Se me permite o alcalde, simplemente explicarlle o partido popular que o que se lle dixo desde o BNG que sempre fumos respectuosos con todo, e que unha cousa é estar depravados e outra cousa ser depravados e ben que miren o dicionario. E dito eso, grazas e simplemente tiña un rogo , rógolle o alcalde para que diga..., que o equipo de goberno do PSOE sexa máis dilixente na xestión municipal de atención a cidadanía nos diversos servicios municipais de recollida de lixo, limpeza e voluminosos, nas consultas a urbanismo e na atención de todos os servicios da área de servicios sociais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"tomamos nota dos rogos, moitisimas gracias.*

<u>Preguntas escritas.</u>

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: **"***Pasamos o mismo punto, preguntas, serían preguntas escritas por orden de presentación, creo que están. Unidad veciñal de Dodro ten un. Cando queiras..."*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: No pleno de setembro aprobamos unha moción na que instamos ao equipo de goberno a iniciar o proceso de modificación do PXOM de Dodro para incluír a zona da Revoltiña como núcleo rural, a corrección de erros entre outras, a día de hoxe e despois de catro meses, pode dicirnos que trámites se fixeron ante os diversos organismos e como vai o proxecto de modificación por parte da empresa encargada da mesma?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si vaille a contestar concelleiro de servizos sociais e ordenación do territorio."*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: *"Vamos a ver está solicitada unha proposición económica a estudio técnico galego onde pasa nos informa dos honorarios que sería a información diagnose e análise urbanístico de situación das vivendas do núcleo de Bexo da zona AC 305 en Imo da zona de Parafita que usted non fala estudio de alternativas de ordenación, redacción do borrador e documento ambiental estratéxico de cara a validación de alternativa escollida polos diferentes organismos sectoriais unha primeira parte de 7000 euros. Siempre e cando a Xunta despois nos autorice. E despois información diagnose y análise urbanístico de situación de contorno escola de Lestrobe acceso a propiedades municipais e estudio de alternativas de ordenación, redacción de borrador documento ambiental estratéxico de cara a validación da alternativa escollida polos diferentes organismos sectoriais 6000 estos son 13000 mailo IVA 2730 15730 que van ser recollidos no próximo orzamento do ano 2024. Si 15730."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso quero aclarar este é a primeira parte a primeira parte do proceso de modificación do PXOM como di o concelleiro trátase de información de información e diagnose faise unha especie de pre traballo que é o que se traslada a Xunta para a súa discusión e por eso precio digamos que aproximadamente 60% do custo total da modificación do PXOM aparte diso, decir que tamén se mantivo unha entrevista coa directora xeral de urbanismo con Doña Encarnación Rivas por este alcalde e un representante de estudio técnico para ver as posibilidades que había, xa lle contamos as nosas intencións e bueno quedo a garda de que me enviemos esto vale, en bueno si en 4 meses non en menos esto foi reunión creo que foi en setembro ou en novembro algunha outra pregunta..."*

2. Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro*:* O pasado 16 de decembro foi o chamado "Fin de semana de mulleres 2023" que inicialmente fora programado para os días 2 e 3 de decembro. Debido a este cambio moitas das mulleres que xa tiñan estes días reservados nas súas axendas tiveron que cancelar a saída e motivou unha baixa asistencia a esta actividade, a mais baixa desde que se veñen facendo incluíndo a pandemia. A Concelleira de Igualdade chamou unha a unha a todas as mulleres que estaban apuntadas para comunicarlle o cambio de datas apuntando "un problema coa contratación debido a diferencias coas funcionarias encargadas da mesma" Segundo o anterior, pode dicirnos cal foi o problema coa contratación e o motivo polo que

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

tivo que cambiar de data?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si como non, si podo sempre contesto mire- primeiro a concelleira pon vostede aquí na pregunta un tema entrecomillado di un problema coa contratación debido a diferencias coas funcionarias encargadas da mesma, e moi posible que polo que falei eu ca concelleira de servicios sociales nin ela chamou a vostede nin a ningún dos asinantes, claro por eso digo nin ela chamou a vostede entonces esta información debeu de chegarlles a vostedes por unha terceira persoa entonces entendo que este parrafo que vostedes entrecomillas como que se lle trasladou tubo que ter algún tipo de transferencia como telefono escacharrado, chegoulles a vostedes mal. Esto non é certo está a concelleira nunca dixo esta frase que vostedes entrecomillada entonces explícolles cal é o motivo do cambio de contratación é curioso si vostedes desde que fixeron a pregunta viran a resolución de alcaldía numero 687,23 barra 23 xa fala de este xa bueno pero estou explicando que xa está na resolución. Bueno pois entonces efectivamente estou contestado producido o atraso na adxudicación do contrato como consecuencia do non cumprimento por parte da empresa que quedou en primeiro lugar e a necesidade de excluíla e requirir a entidade que ocupaba o segundo posto a fin da presentación da documentación debendo en todo caso outorgarlle o prazo legalmente establecendo para o cumprimento do requirimento polo tanto recordarlle tamén o disposto no apartado 8 anexo do prego de cláusulas administrativas dice que a execución de contrato terá lugar con desenvolvemento de actividade o cal se realizará os días 2 e 3 de decembro do 23 o concello poderá modificar estas datas se resultase necesario para a execución da prestación. Como vostede xa entende a empresa adxudicataria que iba facela en no prazo en principio establecido non cumpriu todas as normas do procedemento houbo que excluída e xa di aquí, a necesidade de excluíla, e requirir a entidade que estaba no segundo posto que adxúntase todas, que cumplimentase e por eso a raíz de que tamén estaba establecido así no prego, pois cambiouse."*

3. **Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro:** Na orde do día da última xunta de goberno o pasado mércores, levaron vostedes arredor de 15 propostas de acordo de orde de execución subsidiaria por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa. Esta é unha actuación que se fai por primeira vez en Dodro e que os veciños nos viñan pedindo nas diversas xuntanzas polas aldeas. Sabemos que é necesario que o concello actúe no caso dos propietarios que se negan por sistema á limpeza das súas fincas e neste caso terá que facelo por medios propios e despois exixirlle os custes asociados da intervención á persoa ou entidade que incumpre as súas obrigas. Ante todo o anterior preguntamos - Con que medios vai executar as diferentes limpezas xa que os do concello son insuficientes e que taxas se van a aplicar para recuperar ditos custos?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Moi ben mire as propostas de acordo de orde de execución subsidiaras levadas a anterior xunta de goberno local correspondese con parcelas que se atopan na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa deste concello e nas que os responsables delas que*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

incumpriron as súas obrigas por diversos motivos, notificación infrutuosa, titular en investigación ou descoñecido, como tal na rede de faixas secundarias quedan excluídos de estos espazos os solos urbanos de rural e urbanizable toda vez que se confirma o incumprimento por parte do propietario e considerando a instrución 1/2018 de 26 de abril de Consellería de medio rural e a última modificación imposta pola ley 3 2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia o concello ten subscrito un convenio de colaboración entre Xunta de Galicia a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais polo que SEAGA levaría a cabo a execución subsidiaria de 10 hectáreas anuais nas parcelas integradas nas faixas secundarias. As taxas é SEAGA según o convenio."

4. María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: Na acta de Xunta de Goberno Local do 13 de decembro de 2023 figura unha factura de honorarios de letrado e procuradora de dilixencias previas 350/2021 por importe de 911,66€ Pode dicirnos concretamente a que se refiren estas dilixencias, cal foi o tema de xuicio e con que se corresponde?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Podo decir, pero ademais no punto 6 de esa acta que vostede di, dice punto 6 aprobación se procede da solicitude de resarcimento de gastos de defensa xurídica correspondentes a dilixencias previas de procedemento abreviado 350/2021 recórdolle que o procedemento 350/2021 é un dos primeiros puntos que din de dación acta da orde día logo de ver a proposta de acordo o que se establece que hai un solicitante que a Señor Francisco Xabier que é o que lles fala pide o resarcimento dos gastos de defensa xurídica ao proceso 350/2021 ao concello e de acordo que ver que efectivamente teño dereito elo porque bueno por que o xulgado de primeira instancia o sobreseu, etc... o articulo 74 da lei de bases de réxime local e un montón de artículos máis, a xunta de goberno local decide pagarme a min, o que eu xa paguei de avogado para defenderme, esos 911,66 que pouco me parecen corresponden a miña defensa xurídica ante unha denuncia que resultou a todas luces falsa e inútil."*

Intervén de xeito inintelixible a voceira do PP

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O 350 xa o dixen o principio en dación de conta punto un do orden do día de hoxe dación en conta o pleno, perdón punto dous dación en conta asuntos varios 350/2021 xa o dixen antes de que iba esto. Está contestando antes si queres repito outra vez pero bueno é o pleito que me puxo o señor Alfonsín Somoza sobre o que el considerou que era unha prevaricación administrativa e que como dixen antes foi sobresido o 8 de agosto de agosto datas todas primeira parte da contestación. Ten outra pregunta? Cando queira."*

5. María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular Tivemos coñecemento que o actual arquitecto municipal deixa de prestar os seus servizos en Dodro a finais do mes de xaneiro. Algún/ha veciño/a achegouse a semana

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pasada ao concello para solicitar cita co arquitecto municipal e nas oficinas respondéronlle que xa non se daban citas. Telefonicamente dende o concello tamén se informaba á veciñanza que non se daban xa citas para o departamento de urbanismo xa que o arquitecto deixaba de traballar a finais de mes. Ante a insistencia de que si aínda estaba ata finais de mes querían solicitar unha cita, a resposta foi que xa non había citas dispoñibles e o único é que se falara co arquitecto a ver si quería atendelos fora de hora. Ante estes novos feitos cos que non deixa de asombrarnos o equipo de goberno, preguntamos: -É unha práctica habitual que os/as empregados/as do concello atendan "fora de hora" a libre albedrío? -Teñen substituto/a para o posto de arquitecto municipal e canto tempo estaremos sen o servizo?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A primeira pregunta dicirlle se debeu de mal interpretar a conversación por que non se dixo que fora entendo que non se me dixo que fora de horario habitual, sería fora do horario de atención o público que é de nove a dúas, cando arquitecto traballa de oito a tres basicamente podía ser entendo que sería eso entendo que sería eso. Claro que son hábil de antes, non son de ahora. Eso xa que quede claro. En todo caso en todo caso efectivamente a pregunta é o que se refiere non, nin é a libre albedrío entendo que se lle daría posibilidade a usuario polo que vexo era vostede de que si había unha pregunta si había un tema muy urxente e de importancia vital que o arquitecto vería de poder atendela, por teléfono o decer algo urxente nada mais. E sobre a segunda pregunta ten substituto para posto municipal en cuanto temos en servicio, pois no sabemos esto dependerá da RPT que leva que esperemos traela a pleno pronto e que leva como consecuencia aparellado a contratación de un a posibilidade de a contratación de un arquitecto de un funcionario arquitecto para este concello"*

6. María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: A través de varias queixas de veciñ@s tivemos coñecemento que os días 26 e 27 de decembro non houbo servizo de axuda a domicilio municipal, e que a partir do día 28 canceláronse as vacacións a unha traballadora para que esta sola auxiliar realizara o servizos que puidera. Temos constancia tamén de que moitos usuarios están sen o servizo ou se lle rebaixaron días da prestación do mesmo. Vari@s veciñ@s intentaron contactar sen éxito coa traballadora social ou alguén do departamento de servizos sociais, o cal non foi posible xa que eses días o departamento estaba practicamente sen persoal. Algún/ha veciñ@ que conseguiu contactar coa concelleira da área esta respondeulle que non tiñan xente porque a xente non quere traballar. Entendemos que intentaron vostedes facer algún tipo de contratación eses días aínda que temos serias dúbidas a verdade. Para máis afondamento no tema, nunha publicación que o concello fai no seu facebook oficial o día 29 de decembro, unha veciña resposta facendo un comentario sobre o servizo de axuda a domicilio municipal e a concelleira da área responde, e cito textualmente, "a responsabilidad e dos familiares cuidalos, e si non estamos capacitados pa ejercer de familia responsable por que todos sabemos o que esto supón sacrificar tempo ou diñeiro pois renunciar o cuidado, pero xa nos toca no bolso e eso xa... Que se encarguen servicios sociales." Sen entrar na ortografía e a redacción da resposta, que consideramos non propias dunha concelleira,

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

preguntamos: -Subscribe vostede como alcalde de Dodro todas as manifestacións que realiza por escrito a súa concelleira? -Pensa vostede tomar algunha medida ante tal declaracións?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Voulle dar a palabra a concelleira de servicios sociais e despois contestarei finalmente as súas preguntas non se preocupe"*

Teresa Batalla, concelleira de servicios sociais: *"En relación cas preguntas feitas pola señora Boga antes de contestar quero darlle unhas explicacións que espero que me agradezca. No primeiro párrafo minte vostede di que os días 26 e 27 de decembro non houbo servicio a domicilio. Si que houbo atención ó servicio xa que desde 25 que se nos comunicou de xeito urxente o ingreso hospitalario da traballadora municipal que no vou a dicir quen é, todos sabemos quen é, sin data de finalización iniciamos en ese momento a busca de solucións. A primeira foi chamar a empresa "atende care" para que avisara a unha auxiliar de axuda no fogar para substituír a traballadora municipal hospitalizada se nos contestou que era imposible, xa que na empresa tamén tiña varias traballadoras en situación de IT e outras con días libres e de vacacións, logo valorouse a posibilidade de chamar a traballadora do servicio municipal que estaba desfrutando das súas vacacións para ver si voluntariamente se reincorpaba o seu posto de traballo. E aceptou que é moito de agradecer. Eso para empezar, esquece vostede que no concello temos 3 traballadoras desde que no concello temos 3 traballadoras do SAF básico e unha delas traballadores está de baixa en situación de IT hai varios meses está sendo substituída por unha persona de "atende care" que ese día si que prestou o 40% de servicios de axuda a domicilio. No segundo párrafo dicirlle que sempre que se puido con éxito coa traballadora social, ou con alguien do departamento de servicios sociais xa que incluso vostede recoñece máis adiante que houbo algunha usuaria que contactou coa conselleira, neste caso eu. É igual dito ben ou mal, entendeume, entendéchesme non? O que non di é que a concelleira chamou a esa usuaria para explicarlle a situación non ela, chameille eu. No referente ó que esa usuaria lle importaba, dicirlle tamén que nos non podemos facer contratación, eso xa o sabe usted ben e poña as dúbidas que queira. No relativo o ultimo párrafo aclararlle varias cousas, a contestación desta conselleira a un comentario non Facebook do concello nunha publicación sobre o ultimo pleno do 2023 foi feito polo perfil de Cruz Fernández Suárez non sei de donde saca vostede que eso é unha veciña, a non ser que ese sea un perfil falso ou se trata de alguien que estea mentindo xa que esa persona e ese nome e apelidos que todos coñecemos e que falou coa concelleira non vive nin en Lestrobe. A señora Batalla neste comentario que vostede resalta entre comillas que fala en calidade de usuaria non de concelleira de servicios sociales do concello fáltalle poñer de cando era vostede concelleira responsable dese servicio defendendo os seus servicios sociais e recomendando a obriga da familias a atender os seus maiores como obriga principal. E así o considero, e manifesteino como usuaria do SAF non como concelleira que quede claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias as preguntas seguintes son que subscribo todas e cada unhas das manifestacións evidentemente non penso tomar ningunha medida ante tales declaracións. E recórdolle a vostede que neste escrito inclúe algunha falta de ortografía en*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

galego e ningún se haxa permitido o luxo de corrixila porque quedaría feo, igual de feo que queda que vostede corrixa a unha compañeira, pero bueno cada un. Ten vostede algunha outra pregunta? Creo que no portavoz da agrupación XD."

7.**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** Que técnico de Servizos Sociais estivo a facer as visitas ás familias que estaba atendendo a educadora familiar Araceli Vázquez dende o 2 de outubro?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A traballadora social que estaba en aquel momento, as máis urxentes evidentemente. Seguinte pregunta por favor."*

8. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: No seu comunicado no Facebook maniféstase por parte do goberno que os servizos sociais víronse afectados pola baixa da traballadora social titular. Sería capaz o sr. Castro, como xefe de persoal, de decirnos ¿cantas persoas ocuparon o posto de traballadora social do Concello de Dodro durante o ano 2023?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois claro que son capaz, mire ocupárono 4 traballadoras sociales incluída a traballadora titular. Osea a traballadora titular durante o ano 23 traballou máis tres máis, de unha lista de unha bolsa de traballo temporal de 23 traballadoras sociales que por primera vez neste concello existe e sirve para contratar funcionarios interinos de forma legal. Seguinte pregunta."*

9. Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:¿Cantos repartos de alimentos fixo o goberno do Concello de Dodro durante o ano 2023, e en que datas?

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O concello de Dodro sobre o tema do reparto de alimentos decirlle o seguinte, o Concello de Dodro está a repartir os alimentos fondo de axuda europea para personas máis desfavorecidas que o noso concello asinou un convenio co banco de alimentos Rías Altas, resumindo BALRIAL, este fondo dotounos para dúas entregas de alimentos unha das primeiros recibiuse o 12 do 5 e entregouse un único reparto o 23 do 5 a 11 unidades familiares e 30 persoas, e a segunda fase recibida a 2 de novembro de 911 kg da que se realizou un primeiro reparto os días 22 e 23 de novembro de 2023 con 10 unidades familiares e 28 personas beneficiarias e para non meternos en natividade que parecese que os políticos estamos dando limosnas na casa consideramos que despois de esta do 22 de novembro entregamos o seguinte último reparto mes de febreiro de este ano."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non hai mais preguntas escritas ? Algunha pregunta oral? Damos un segundo turno pregunta oral pregunta oral. Portavoz do bloque nacionalista galego.*

<u>Preguntas orais.</u>

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Son 3, no pleno do*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

21 de setembro de 2023, aprobouse por maioría retirar o lombo de asno que se fixo no Piñon de Lestrobe, a día de hoxe non se fixo nada por retiralo incumprindo o acordo maioritario da corporación do concello de Dodro, poñendo en manifesto o respecto que goberno ten ante os acordos tomados de xeito democrático. Cando vai retirar o lombo de ano do lugar do Piñon lugar onde está actualmente?"
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contestarei no seguinte pleno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Que técnico se encargou de organizar a semana de violencia de xénero e fin de semana de mulleres tendo en conta que antes era educadora familiar a que o facía?"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contestarei no seguinte pleno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"O pasado 29 de decembro de 2023 foi publicado no boletín da provincia a oferta de emprego pública do concello de Dodro consistente na praza de administrativo do concello de Dodro. Nos derradeiros días vense comentando pola veciñanza de Dodro, traballadores do concello e según din algúns pola mesma que sería favorecida por esta convocatoria que esa praza está destinada a ser ocupada pola actual auxiliar administrativa de servizos sociais para dar cumprimento as súas peticións laborais. Pode vostede garantizar que nesa convocatoria as bases para optar a esa praza van a respectar os principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade, impedindo a máis mínima posibilidade de fraude."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta si que a vou contestar, voulla a dedicar a vostede. Si, garantizoo. Algunha pregunta máis oral? Portavoz do partido popular algunha pregunta máis oral?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"si temos, nos temos unha, vostede acaba de manifestar aquí agora mesmo que para que non pensen que os políticos damos limosna en navidad non repartimos alimentos en esas datas. Entón quérolle preguntar; vostede considera que dan lismona cando lle dan alimentos a familias necesitadas, e vostede encargase como político de repartir esos alimentos."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Pois tamén vou contestar mire no me encargo como político, por favor non me interrumpa, de verdade que voulle faltar un día o respecto. Mire eu non reparto alimentos, precisamente non son un político que reparta alimentos, o que non quere decir que non pasase aquí en outras épocas. Eu simplemente fixen un comentario, foi o que fixen, punto. E vouno deixar aí. Algunha outra pregunta. Portavoz de unidade veciñal algunha pregunta oral?"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Recordar que no último pleno fíxenlle unha pregunta para este, para o seguinte, quedou a pregunta de conforme. Como estaba o pago, ao CIN e o GES de Padrón, estaba corrente de pago."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno pues entonces contesto a pregunta ahora de que estamos a corrente de pago."*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Vale ahora vai cas outras cas orais. Teño dúas, o pasado 22 de decembro dou inicio o chamado concilia Nadal para nenos e nenas de 3 a 12 años. Esta actividade non tivo no practicamente difusión xa que se publicitou un día antes do remate do prazo de inscrición en redes sociais do concello e no mesmo día 21, na rede de difusión por WhatsApp en liña co teu concello. Por que non se lles deu difusión a esta actividade con tempo suficiente para que os pais tiveran un prazo adecuado para a inscrición. E cantos nenos acudiron a mesma."*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vou a contestar o mes que ven. Por que podería contestarlla pero prefiro contestarlla con máis claridade, mais exactitude."*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Actualmente a aldea de Teaio é unha das poucas acceso con una carretera nas debidas condicións. Con asfalto en quente debidamente sinalizada. Na entrada aldea pola Cruz de Avelán que é a máis usada polos veciños. A pista está en malas condicións nos seus case 1.400 metros de largo e ante a dificultade do plan de obras e servizos debido o seu alto custe. Podo o concello de Dodro solicitar a Xunta de Galicia no seu denominado plan de camiños unha subvención para reparación desta carreteira no seu tramo que descorre entre as fincas de concentración parcelaria de uso agrario tal como se fixo en outras aldeas e resto mesma afrontalo cos fondos do POS?"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta pregunta vailla a contestar o concelleiro porque estos temas contando creo que si*
Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSG-PSOE: "*En primeira pregunta dígolle non. Bueno pero quérolle aclarar un poño mais a situación que no. Usted pregúntame se desde o concello solicitara a Xunta de Galicia no se denominado plan de camiños unha subvención para a reparación da carreteira no tramo que discorre entre as fincas de concentración parcelaria de uso agrario tal e como se fixo en aldeas e o resto afrontada cos fondos do POS. Dígolle non. Agora llo aclaro, primeiro o plan de camiños todavía non foi a convocatoria, non saleu publicada. Están variando as condicións a veces era de fincas agrarias a último o ano paso foi de un núcleo de poboación a unha vía importante. Se digo a primeira baseándonos no Rialiño, que foi en varios tramos. A primeira era de fincas a fincas, e a siguiente ahora foi do Rialiño a DP3302. En canto dicirlle que non porque si falta por publicar a orde, non sabemos nin o que pode ser, e o do POS é mais inminente. Despois, logo o importe económico de esos 6100 metros, tamén e moi fácil para decir da ortografía, largo en galego é decir ancho, unha pista de 1400 metros de ancho, non o entendo eh. Así de quisquillosos por que todos temos algún problema... Esto suponnos con gastos xerais de beneficio industrial e IVA superior os 100.000 euros, superior os 100.000 euros en quente como di vostede. Que eu non digo que non sexa usado. Tamén eu voto en falta que non pregunte por algo que considero máis urxente como é a de Bustelo a Teaio, realmente máis urxente que esta. Esta, dentro do que cabe, de todas formas está valorada, e vai coñecer vostede o valor exacto do que é, segundo palabras do técnico non a considera tan necesaria, ou inminente necesario. Considera que a de Teaio a Bustelo quizás moito máis necesario*

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

acometela xa."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, algunha outra pregunta máis. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*
Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *"Moi rápida. Queríamos saber desde o BNG en que situación administrativa ou outra está o recheo da estivada verde onde o miradoiro natural de Bexo"*
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois casi prefiro contestarlla no pleno seguinte por que é un tema complicado que está, que entendemos que está xudicializado e que non me atrevo eu, non son eu persoa que debería expresar aquí unha opinión sin ter que retractarse. Bueno non hai nada máis e gracias por vir. Levantamos a sesión"*

Ás 21:56 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: ZDnwUoDSBLg+NX+txhD/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.